

Programas de Inclusión Social cofinanciados parcialmente co Fondo Social Europeo Plus (FSE+) a través do programa FSE+ Galicia 2021-2027

Programa Local de Inclusión Social de colectivos en risco de exclusión

O Programa Local de Inclusión Social pretende incidir a nivel individual e grupal para reforzar e fortalecer todos aqueles aspectos que poidan axudar a mellorar á empregabilidade das persoas que acceden a este servizo. Articúlase sobre a elaboración de itinerarios integrais de inserción sociolaboral que, tomando como punto de partida a corresponsabilidade dos beneficiarios, contemple o desenvolvemento de estratexias individuais no seu proceso de incorporación ao mercado laboral.

Co obxectivo tanto de dar resposta ás diferentes situacións de partida dos colectivos beneficiarios, como de poder ampliar o número de persoas atendidas, e dentro do marco das prestacións e servizos incluídos na carteira de servizos sociais de Inclusión aprobada polo Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, planifícase un programa formado por dúas seccións:

- Sección de inclusión básica, destinada a colectivos con maiores necesidades no ámbito persoal: adquisición e mellora de habilidades sociais básicas e avanzadas que incrementen a competencia social e persoal, desenvolvemento das capacidades e destrezas individuais e sociais que melloren a autonomía da persoa...
- Sección de inclusión e transición ao emprego, destinada a aquelas persoas con necesidades enfocadas no desenvolvemento e a mellora de habilidades conducentes á consecución e mantemento dun emprego normalizado. Comprende a celebración de accións para a mellora da empregabilidade: sesións grupais de busca de emprego, actividades formativas (motivación, habilidades, autoemprego, entrevistas de traballo...), acompañamento...

O programa está estruturado en tres eixes principais:

- 1) información, orientación;
- 2) formación de adultos e prelaboral, así como a derivación cara a formación laboral adecuada e
- 3) mediación para o acceso ao mercado de traballo.

O Programa Local de Inclusión Social de colectivos en risco de exclusión está cofinanciado parcialmente co Fondo Social Europeo Plus (FSE+) a través do programa FSE+ Galicia 2021-2027, no obxectivo temático 9: "Promover a igualdade, a saúde e a inclusión social"

Programa de desenvolvemento integral do colectivo xitano

O Programa de desenvolvemento integral do colectivo xitano presenta actuacións específicas de inclusión con esta comunidade, vertebradas a partir de tres eixos:

- Fomento da participación e a convivencia social (vivenda e saúde).
- Fomento da calidade dos procesos escolares (educación e acceso a servizos normalizados).
- Fomento da igualdade de oportunidades (participación social, inserción e emprego).

Estes eixos artículanse en diversos itinerarios de inserción individualizados, elaborados para desenvolver o programa, coa finalidade de promover a inserción social e laboral das persoas beneficiarias. Búscase priorizar as actuacións con aquelas persoas e/ou unidades familiares que presenten maiores carencias sociais e unha maior situación de desigualdade fronte ao conxunto da poboación, fomentando o seu acceso e uso normalizado dos sistemas de benestar social (especialmente vivenda, educación, saúde e servizos e prestacións sociais).

O Programa de desenvolvemento integral do colectivo xitano está cofinanciado pola Unión Europea, no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020, no obxectivo temático 9: "Promover a igualdade, a saúde e a inclusión social", para promover o desenvolvemento social integral do colectivo xitano a través da intervención social, educativa, e do traballo en rede coas organizacións sociais, co obxectivo de fomentar a igualdade de oportunidades como eixe favorecedor de inclusión social, especialmente no relativo á súa inserción social e laboral, desenvolvendo procesos individualizados e integrais de inserción desde unha perspectiva ligada ás potencialidades do territorio e ao seu tecido social e produtivo.

Programa de Inclusión de Menores a cargo

O Programa de Inclusión de menores a cargo é concebido como un recurso social de intervención profesional e apoio personalizado que, dende a perspectiva educativo-social, aborda as situacións carenciais que presentan as persoas naqueles hábitos de vida que repercuten negativamente no axeitado desenvolvemento dos menores da unidade familiar. O traballo é desenvolvido con cada unidade familiar, coa finalidade de promover as habilidades e o coidado parental das persoas adultas beneficiarias do Programa

Son destinatarias do Programa de Inclusión de menores a cargo a pluralidade de unidades familiares en exclusión ou risco de exclusión social, que teñan menores ao seu cargo. Así, o programa diríxese con carácter xeral ás familias da comunidade de referencia dos servizos sociais comunitarios, con atención prioritaria a aquelas unidades de convivencia que se atopen en situación de maior vulnerabilidade, nas cales exista presenza de menores en risco de desatención ou nas cales se identifiquen outros factores que revelen unha situación de risco de exclusión social ou pobreza infantil. Tamén se dará apoio a aquelas unidades de convivencia voluntaria con funcións análogas á familiar, sempre que favorezan a autonomía e a integración social das persoas que as constitúen.

O Programa de Inclusión de menores a cargo está cofinanciado pola Unión Europea, no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020, no obxectivo temático 9: "Promover a igualdade, a saúde e a inclusión social", para promover a adquisición, por parte das familias, de competencias e habilidades para o correcto desenvolvemento das súas funcións parentais e educativas, fomentando a educación en igualdade e a corresponsabilidade, favorecendo a integración, promoción e participación das familias ou unidades de convivencia en todos os ámbitos da vida comunitaria, previndo as situacións que provoquen vulnerabilidade ou risco social ás familias ou unidades de convivencia, ou a algún dos seus membros, con especial atención aos menores de idade, e apoiando ás unidades familiares que, por escaseza de recursos económicos, non poden facer fronte o uso de gastos relacionados cos menores: comedor escolar, material escolar, actividades de ocio e tempo libre...

Programa de apoio á inclusión residencial de persoas en situación de vulnerabilidade social.

O programa de apoio á inclusión residencial de persoas en situación de vulnerabilidade social xurde da necesidade detectada polos diversos profesionais que desenvolven a súa labor nos diferentes Puntos de Atención de Servizos Sociais (PASS) da dificultade que presentan as persoas que presentan diversos factores de vulnerabilidade para poder atopar vivenda no mercado ordinario. O seu obxectivo principal é favorecer o acceso a unha vivenda digna, como factor imprescindible para a mellora da calidade de vida, a través de procesos participativos e colaborativos entre todos os axentes sociais implicados na garantía deste dereito constitucional.

Considérase como poboación destinataria do presente programa as persoas, con residencia efectiva no termo municipal de Santiago de Compostela, nos que concorra unha situación de ausencia ou déficit grave de recursos económicos, así como a concorrencia dalgún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3.1 da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia: estar nunha situación de cargas familiares non compartidas, estar en proceso de rehabilitación social, ter a condición de muller vítima de violencia de xénero, ter unha discapacidade valorada superior ao 33 %... entre outros factores

A intervención do programa se vertebra a través de dous eixos principais:

a).- Intervención con familias en situación ou en risco de desafiuzamento, ofrecendo orientación e información sobre os procedementos de actuación ante estes procesos, así como apoio e acompañamento na búsqueda dunha vivenda alternativa.

b).- Intervención socioeducativa na área da vivenda, con diferentes liñas de acción segundo as necesidades detectadas: promovendo intervencións integrais, que permitan abordar as situacións de infravivenda, apoiando ás familias na adquisición das habilidades necesarias para a vida diaria autónoma nunha vivenda normalizada, promovendo as condicións necesarias para garantir o dereito constitucional a unha vivenda digna e adecuada...

O Programa de apoio á inclusión residencial de persoas en situación de vulnerabilidade social está cofinanciado pola Unión Europea, no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020, no obxectivo temático 9: "Promover a igualdade, a saúde e a inclusión social"

Programa de apoio á inclusión de persoas sen fogar.

O Programa de apoio á inclusión de persoas sen fogar pretende contribuír á mellora das condicións de vida das persoas que se atopan nunha situación de exclusión residencial, incidindo a nivel individual mediante proxectos personalizados en todos aqueles aspectos determinantes da súa situación susceptibles de mellora. Falamos así de un modelo de inclusión básica, centrado no acompañamento como método de intervención para revertir a situación de partida e acadar melloras que permitan contribuír á inclusión activa da persoa na súa contorna. Ten como destinatarias a aquelas persoas da cidade que se atopan nunha situación de senfogarismo, entendida ésta como:

- Persoas sen teito (sen aloxamento de ningún tipo, en situación de rúa)
- Persoas sen fogar (residencia en dispositivos temporais: albergues, pensións pagadas por dispositivos públicos ou entidades de iniciativa social...)
- Persoas con vivenda inadecuada (situacións de infravivenda, ocupación...)

O Programa de apoio á inclusión de persoas sen fogar está cofinanciado pola Unión Europea, no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020, no obxectivo temático 9: "Promover a igualdade, a saúde e a inclusión social", para promover a mellora das condicións de vida das persoas en situación de senfogarismo, mediante o desenvolvemento de procesos individualizados e integrais de apoio á inclusión, desde unha perspectiva ligada ás necesidades persoais e potenciando a perspectiva do enfoque de xénero.

Programa de Vivendas de Transición en Santiago de Compostela (VITRASAN)

O Programa VITRASAN (Vivendas de Transición en Santiago de Compostela) ten como destinatarias a aquelas persoas da cidade aloxadas en dispositivos temporais (pisos de transición, pensións...) procedentes dunha situación de senfogarismo, con vontade de inicio dun proxecto de inclusión social e laboral. Incluímos nesta categorización:

- Persoas sen teito (sen aloxamento de ningún tipo, en situación de rúa)
- Persoas sen fogar (residencia en dispositivos temporais: albergues, pensións pagadas por dispositivos públicos ou entidades de iniciativa social...)
- Persoas con vivenda inadecuada (situacións de infravivenda, ocupación...)

O seu obxectivo principal é o acompañamento a transición á vida autónoma a persoas procedentes dunha situación de senfogarismo, a través dunha intervención integral que permita a súa inclusión efectiva na comunidade a todos os niveles. O foco do traballo céntrase na persoa, ofrecendo un modelo de atención personalizado e respectuoso, que fomente a autonomía poñendo o centro nas súas necesidades e intereses a través dun plan cun itinerario individualizado que garante:

- A estabilidade habitacional, en tanto no se traballan habilidades e se tramitan recursos para vida autónoma
- O acompañamiento e apoio para o uso normalizado de servizos: sanitarios, administrativos...
- A tramitación, apoio e seguemento para a cobertura de necesidades básicas, así como unha axeitada administración económica.
- O fomento da autonomía persoal, dotando á persoa de ferramentas para o cambio encamiñadas a favorecer a súa independencia e toma de decisións de xeito responsable, para mellorar a súa calidade de vida

A persoa responsable do programa convértese na figura de referencia durante o proceso, a través dun proceso de traballo baseado na confianza e empatía, acompañando e favorecendo o empoderamento, benestar e inclusión na comunidade.

O Programa VITRASAN está cofinanciado pola Unión Europea, no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020, no obxectivo temático 9: "Promover a igualdade, a saúde e a inclusión social", para promover a mellora das condicións de vida das persoas en situación de senfogarismo, mediante o desenvolvemento de procesos individualizados e integrais de apoio á inclusión, desde unha perspectiva ligada ás necesidades persoais e potenciando a perspectiva do enfoque de xénero.